

PROFESORADO



Andrea Maceiras Lafuente

Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) é doutora en Filoloxía Hispánica e licenciada en Filoloxía Galega. Ademais, é escritora infantil e xuvenil en lingua galega. Obtivo diversos galardóns literarios entre os que destaca o Premio de Literatura Xuvenil Jules Verne convocado pola editorial Xerais. Actualmente é profesora de educación secundaria e imparte charlas e obradoiros sobre literatura xuvenil.



Montserrat Muriano Rodríguez

Profesora de Didáctica da Lingua e a Literatura na Facultade de Ciencias da Educación da UDC. Imparte a materia de Literatura Infantil e Xuvenil e a súa Didáctica para o alumnado do Grao de Primaria. Participou no Mestrado de Didácticas Específicas impartindo un módulo vinculado coa interdisciplinabilidade e a literatura en infantil e primaria. Asimesmo, participa no Mestrado de Educación Secundaria e Bacharelato con varios módulos relacionados coa promoción da lectura en ESO e Bacharelato e innovación educativa na área de didáctica da lingua e a literatura.



Ana Alonso Fernández

Profesora de Lingua Castelá e Literatura en Secundaria, actualmente traballa no IES Pérez de Ayala de Oviedo. Impartiu clase en diversos IES de España e tamén foi profesora de español nas Seccións Internacionais de Brest (Francia, Lycée Amiral Ronarc'h) e Amsterdam (Het Amsterdams Lyceum). Colaborou coa Universidade online Isabel I e coa Fundación Comillas. Autora de materiais relacionados coas TIC na asignatura de Lingua e Literatura (<<http://lenguayliteraturacontic.blogspot.com.es/>> e de artigos centrados nos novos Modos de escribir e de ler coa chegada de internet. Recentemente impartiu o módulo de Literatura no mundo dixital no MOOC da UNED "Humanidades digitales y TIC, el futuro de las Humanidades". <https://www.youtube.com/watch?v=rZPjCZOk_Nk>



Ramón Méndez González

Doutor en Tradución & Paratradución de videoxogos pola Universidade de Vigo. Ramón Méndez é o primeiro doutor universitario de España en Tradución & Paratradución de videoxogos. Leva desde o 2003 no sector dos videoxogos, ben colaborando en diferentes medios especializados (Edge, NGamer, Ciberpaís, MeriStation, Gamereactor, ElStick...), ou ben traducindo e interpretando para grandes empresas da industria, tales como Bandai Namco ou Nintendo Ibérica. Tamén participou na tradución de varias guías de estratexia e na localización de máis de 400 videoxogos ata a actualidade, moitos deles nominados e premiados pola súa gran localización. Tamén está colaborando na elaboración de guións para videoxogos desenvoltoes en España. É profesor nas Universidades de Vigo (Localización de videoxogos) e na de Alicante (Producción de videoxogos), autor de varios artigos académicos, autor do libro *Localización de videojuegos: fundamentos traductológicos innovadores para nuevas prácticas profesionales* e coautor de *La odisea de Shenmue*.



Sonia Méndez Alonso

Cineasta e actriz. Formada en diversas escolas de interpretación, gui3n, direcci3n de actores, construcci3n dram3tica e realizaci3n. Coproduce, guioniza e interpreta a serie web, “Ang3lica y Roberta” premiada co Mestre Mateo 2013 3 Mellor webserie e Premio Mellores

actrices de comedia e Mellor gui3n no festival de Webseries de Los 3ngeles (LawebFest), entre outros festivais e selecci3ns oficiais. Dirixe o festival de Contidos Dixitais “Carballo Interplay”, primeiro festival de webseries do Estado. Coordina o ciclo de formaci3n audiovisual FormaCip.

< www.soniamendezalonso.com >